



Xaneiro de 2012. O informe do estado de saúde dos ríos galegos que presenta o Proxecto Ríos establece unha fotografía do estado ecolóxico dos nosos ríos a partires das análises realizadas polo voluntariado participante. Preséntanse os resultados das inspeccións, a metodoloxía empregada na realización do informe e as actividades máis importantes desenvolvidas durante 2012. Os resultados das inspeccións amosan que o

4

5%

dos ríos están nun estado

moi bo

; o

34,5% bo

; o

12,5% moderado

e o

8% deficiente

. Obsérvase un

descenso moderado dos treitos con estado "moi bo" e "bo" respecto aos anos 2010 e 2011

, que pasa dun 82% a un 80% así como un aumento dos de calidade "deficiente".

Baixa o [Informe Ríos 2012](#) (7,95 MB) ou un [Resumo](#) (3,19 MB)

Estes treitos con calidade deficiente atópanse nos ríos Pexegueiro (Redondela), Limia, Sil, Chanca (Meaño), Arnoia e Lavandeira (Oia). Ningún treito estudado en 2012 amosou unha calidade biolóxica mala. Porén, compre sinalar que en anos anteriores o Lagares, Sar e Louro presentaban un estado malo e no 2012 non houbo inspeccións neles. A calidade do bosque de ribeira é outro parámetro que analiza o voluntariado para establecer a saúde dos ríos. Neste sentido hai que salientar que a degradación das marxes fluviais continúa como en anos anteriores: **o 59% dos treitos teñen marxes moi degradadas** ou con alteracións importantes.

